

A Coruña
avanza no
futuro do
seu Porto



Páxina 7

BNG reforza en
Córsega lazos
coas nacións
sen Estado
europeas



Páxina 8

O polígono
industrial de
Xinzo de Limia
terá sistema de
videovixilancia



Páxina 9

O Goberno
central
impulsa a
variante norte
de Ourense



Páxina 10

“Nós, a Xente
do Redor”
presentarase
no Ribeiro



Páxina 15



José Luis Martínez-Almeida e Pablo Junceda, insignias de ouro do Día de Galicia en Asturias

Páxina 14

Entrevista



Camilo Franco, director da SELIC
(Semana de Libros en Compostela)

“Temos moi estudados os
cambios na literatura mais
non os cambios na lectura”

Páxina 3



café prifer

Rúa Marcelo Macías 56

O U R E N S E



Establecemento seguro
Certificado desinfección
www.saneaccontrol.com

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

Editorial

Guillermo Rodríguez. Director



A utilidade do inútil

Despois de darlle moitas voltas aos variados temas de actualidade sobre o que podería ofrecerlles nas miñas reflexións, dei cun libro que me chegou estes días dun escritor italiano, profesor e filósofo: Nuccio Ordine. O libro titúlase “LA UTILIDAD DE LO INÚTIL”.

Non se trata da inutilidade que acostumamos a considerarlle a todo o que nos resulte dificilmente medible. Dende nenos nos veñen ensinando que se algo non ten aplicación práctica resulta algo inútil.

Pero Nuccio Ordine ofrécenos unha acepción moito máis extensa poñendo no centro das súas reflexións a idea do útil allea a toda finalidade utilitaria. Existen saberes que son fins por si mesmos e que poden exercer un papel fundamental no cultivo do espírito e no desenvolvemento civil e cultural da humanidade.

Este filósofo italiano anúncianos que a lóxica do beneficio mina pola bases institucións (escolas, universidades, centros de investigación, laboratorios, museos, bibliotecas, arquivos), así como as disciplinas humanísticas e científicas, nas que o seu valor debería coincidir co saber en si mesmo, independentemente da súa capacidade para producir ganancias de inmediato ou prácticos beneficios.

É certo que con frecuencia os museos e os xacementos arqueolóxicos poden ser tamén fontes de beneficios, de ingresos. Pero a súa existencia, en contra do que algúns nos querern facer ver, non pode subordinarse aos resultados económicos. A existencia dun museo, dunha biblioteca son tesouros para a humanidade, que a

colectividade debe preservar a toda costa.


Por iso non é verdade que en tempos de crise todo estea permitido. Nestes momentos Europa aseméllase moito a un teatro en cuxo escenario vemos cotidianamente sobre todo acreedores e debedores. Non hai reunión política ou cumio das altas finanzas en que a obsesión polos presupostos (orxamentos) non constitúa o único punto da Orde do día.

O “fármaco” da dura austeridade, como veñen observando varios economistas, en vez de sanar ao enfermo esta debilitándoo cada vez máis, sen preguntarse por que razón as empresas e os os estados teñen contraído tales débedas. O rigor, estrañadamente, non fai mella na rampante corrupción nin nas fabulosas retribucións de explícticos, executivos,, banqueiros, superconselleiros...os múltiples responsables desta deriva recesiva, non senten turbación algunha polo feito de que quen teña que pagar sexan sempre os da clase media, os máis debiles, millóns de inocentes despois dos da súa dignidade.

Non se trata de escamotear neciamente a responsabilidade polas contas que non cadran. Pero tampouco é posible ignorar a sistemática destrución de toda forma de humanidade e solidariedade. Os bancos e os acreedores reclaman implacablemente, como Shylock no “El mercader de Venecia”, a libra de carne viva, de quen non pode resistir a débeda.

Así, con crueldade, moitas empresas (que se aproveitaron durante décadas da privatización dos beneficios e da sociali-

zación das perdas) despiden os traballadores, mentras os gobernos suprimen os empregos, o ensino, a asistencia social aos discapacitados e a sanidade pública.



O dereito a ter dereitos queda, de feito sometido á hexemonía do mercado, co risco progresivo de eliminar calquera forma de respecto polas persoas, transformando os homes e mulleres en mercadorías e diñeiro. Este perverso mecanismo económico deu vida a un mostro, sen patria e sen piedade, que rematará negando tamén ás futuras xeracións toda forma de esperanza.

Neste brutal contexto, a utilidade dos saberes inútiles enfróntase radicalmente á utilidade dominante que, en nome dun

exclusivo interese económico, mata de forma progresiva a memoria do pasado, as disciplinas humanas, as linguas clásicas, o ensino, a libre investigación, a fantasía, a arte, o pensamento crítico e o horizonte civil que debería inspirar toda actividade humana.

No universo do utilitarismo, en efecto, un martelo vale máis ca unha sinfonía, un coitelo máis ca unha poesía, unha chave inglesa máis ca un cadro: porque é fácil facerse cargo da eficacia dun utensilio, mentres resulta cada vez máis difícil entender para que poidan servir a música, a literatura ou a arte.

Xa dixera Rousseau que os antigos políticos falaban incesantemente de costumes, de virtudes; actualmente só falan de comercio, de diñeiro.” Desbótase todo o que non é útil, observa Diderot, porque o tempo é demasiado precioso para perdelo en especulacións ociosas”

Sexa suficiente reler os versos de Charles Baudelaire para comprender a incomodidade do poeta-albatros, maxestoso dominador dos ceos que, unha vez descendido entre o público, sofre a mofa dun público atraído por intereses moi distintos:

“Este alado viajero, ¡que trope y débil es! / Él otrora tan bello, ¡qué feo y qué grotesco! / ¡Uno, va y le fastidia el pico con la pipa, / Y al que volaba, enfermo, cojeando otro le imita!”

Grazas a Boudelaire, grazas a Nuccio Ordine por elevarnos por enriba das miserias deste pobre mundo.

Que sexan moi felices; que as cousas “inútiles” lles sexan de proveito.

Humor

MARTIRENA



Por Moncho Mariño

Camilo Franco, director da SELIC (Semana de Libros en Compostela)

“Temos moi estudados os cambios na literatura mais non os cambios na lectura”

Camilo Franco (Ourense, 1963) conversa con Novas do Eixo Atlántico sobre a Semana de Libros en Compostela (SELIC). A edición deste 2021 pensa sobre a lectura, os xeitos e as vías de acceso aos textos escritos. Tamén sobre como os novos soportes crearán, supostamente,

novos estilos de lectura o mesmo que se crearon estilos de escritura. Outra das novidades é a non presentación de libros, senón a creación de eventos arredor dun título, onde a autora ou autor lea parte da súa creación creando un espectáculo arredor das súas páxinas.

-Cales foron as motivacións da SELIC así como os obxectivos da mesma?

Esta xa é a quinta edición da SELIC e en parte a intención é mostrar a potencia editorial e libreira de Santiago. Queríamos mostrar Santiago como unha cidade que ten librarías e editoras, lectores e lectoras, autores e autoras, por tanto, ten os trazos definitorios dun sector editorial. Así pois, a idea inicial era demostrar que en Santiago hai unha industria editorial e por tanto, queríamos mostrar cada ano as novidades, as ideas e os argumentos que ten Compostela para ser unha cidade de libros. Agora nesa quinta edición hai unha pequena viraxe na idea do festival, conservando a idea inicial queríamos mostrar esta cidade como un lugar de lectura que é unha das actividades máis importantes da especie humana. É un comportamento que pasou de ser aprendido case a instintivo, pois unha vez que aprendes a ler xa o fas case instintivamente con todo canto se che achega aos ollos. A partir de aí e conservando todas as características que a definen como espazo de contacto entre mundo editorial e lectores, facemos unha reflexión sobre por que lemos, como lemos e sobre que lemos. Logo disto, calculamos

que a lectura aumentou de maneira exponencial. Parece que durante a situación actual (COVID) o acto da lectura parece afianzado sobre calquera tipo de soporte como son as RRSS por exemplo.

-A lectura en soportes electrónicos, sobre todo en RRSS, pode traer novos hábitos?

Iso pode traer novos comportamentos ou maneiras de lectura como acto cultura. Agora tamén estamos pensando cara o futuro pois queremos mostrar a SELIC como un festival da lectura. Iso si, conservando todo aquilo que a define como cita do sector editorial compostelán mais mirando cara esa parte de “imos mirar cara a lectura”. Dentro dese espazo están incluídos os e as autoras, as editoras e os intermediarios que haxa e desde logo, os e as lectoras, a parte máis importante.

-Aínda que falas das RRSS como vía de acceso á lectura, hai quen segue a dicir que a mellor lectura é en papel.

Ese é un debate moi entretido pero que non é tan importante. Eu diría, a televisión non matou a radio, a televisión non matou o cinema. Eu creo que os novos soportes amplían, non é cuestión de poñerse a decidir aquilo que fai cada un en cada caso. Non é cousa de tomar unha decisión por todos, senón que haberá xente

que lea en papel perfectamente, haberá quen lea nos dispositivos electrónicos dixitais como é o móbil e haberá quen non queira ler nun dispositivo electrónico. O importante é que o ou a lectora teña a oportunidade de decidir. O común a todas estas decisións é o acto de ler. Desde a SELIC e para todo o mundo iso é o importante, o definitivo e sobre o que temos que reflexionar, pois agora mesmo non lemos como hai tres anos. Temos moi estudados os cambios na literatura mais non os cambios na lectura. Ese será un argumento para a SELIC durante os vindeiros anos. En canto os soportes, dificilmente poderemos evitalos.

-Evolucionarán máis aínda os soportes?

Creo que haberá unha especialización de soportes segundo o tipo de lectura, da mesma maneira que despedimos as enciclopedias como produción bibliográfica por haber unha oferta tecnoloxicamente superior. Creo que será máis difícil dicir o mesmo de libros ben editados. O libro en papel debe irse repensando segundo evoluciona o mercado e os acontecementos.

-A programación da SELIC tamén inclúe artistas doutras disciplinas. Cal é o nexos destes artistas coa animación e o acto de ler?



O que busca a SELIC ademais da interacción entre autores e autoras con lectores e lectoras, tamén é crear algúns eventos que nos saquen da idea, case superada, da presentación de libros. En vez de facer presentacións de libros, que non é o cometido dun festival, facemos eventos xerados a partir de determinados círculos. No caso, por exemplo, de Paula Carballeira e Alfonso Espiño, cada un deles creou un libro. No caso de Espiño é un repaso dos grupos de música pop que houbo en Compostela nos anos 60 e 70, repasando todas as bandas de diferentes estilos e o que fixemos foi crear un concerto con parte das cancións que el cita no libro, cancións de bandas locais. É un concerto que ten por centro o libro de Alfonso Espiño Compostela. No caso de Paula Carballeira, publicou un libro con Através Editora, onde ella fala da maneira de contar. Pareceunos que volvendo a ter un libro dentro dunha actividade, habería unha nova actividade. Creamos eventos a partir de libros sen que sexa a presentación dun libro.

-Ademais da evolución en soportes para lectura, evolucionará a creación literaria con

cada autor ou autora presentando o seu traballo con seu “acento” persoal, cos seus “ticks” persoais como cando falan?

Espero que si, espero que estea sucedendo xa. En parte, antes iso se chamaba estilo e que cada autor e autora debe conservar as súas peculiaridades. Realmente eu creo que existen dous tipos de lectura. Unha con ticks máis xenéricos e te recoñeces neles, que ofrece o recoñecible. Logo hai outra lectura que busca o estraño. Estes dous estilos conviven xuntos.

-Que esixe a xente máis nova cando busca algo para ler?

Creo que a xente nova está máis cerca da lectura do que din os titulares. A cuestión é que ao mellor tardamos en recoñecer cales son os intereses da mocidade. Hai un efecto desde os 1960 para acó convertiuse nun campo comercial moi interesante. Mais cando o comercio substitúe intereses por demanda, a percepción sobre a xente nova é máis imprecisa. A xuventude ten intereses moi variados e aquilo que non lles gusta son as prescricións. Aquilo que funciona son as cousas que se recomendan entre eles.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Actitudes supremacistas

Afirman varios empresarios hostaleiros galegos que, neste verán de 2021, multiplicáronse exponencialmente as queixas de seareiros por teren a carta ou ementa na nosa lingua. Seica non se adoita facer conflito no local, mais si adoitan relatar a experiencia cando chegan á fin da súa viaxe.

Coincidiu neste verán, tamén, unha enxurrada de demostracións de bandeiras españolas en vivendas e apartamentos alugadas por familias de Madrid e da Meseta castelá, como se foran pioneiros ao xeito de Hernán Cortés, Francisco Pizarro ou Núñez de Balboa canda indíxenas que tiveramos ser reducidos ás ideas e

costumes da Vila e Corte. Mentres, este verán milleiros de peregrinos (seguen a ser minoría, cómpre dicilo, mais no xa tan reducida) de orixe madrileña-castelá amosaron faltas de respecto notábeis, como o de guindar as máscaras a rentes do santuario de Santo Andrés de Teixido ou ocupar as rúas compostelás amosando xeitos para-militares españois.

Velaí que o xornalista Xosé Manuel Peireiro, nun recente artigo en castelán para un medio estatal, definise esta enxurrada supremacista (pailaroca si, ben sei, mais tamén supremacista) como “imperialismo banal del veraneante”. Porque hoxendía estas actitudes supremacistas xa non son

andrómenas de políticos ou opinadores madrileños, senón que teñen gañada a perspectiva de millóns no Estado que pensan que a lingua e cultura galegas son prescindíbeis, mesmo non han ter encaixe na España. Artur Mäs declarara na Galicia no 2008 que case a metade das persoas enquisadas da rexión madrileña a respecto da pregunta da razón pola que falaban catalán as persoas catalás respostaran “por amolar”. Xa dende antes (e sen interrupción ningunha neste anos malia estar Feijoo no Goberno) antigos compañeiros meus da Universidade madrileña na que cursei o grao pensaban que falamos galego i) por amolar tamén, como dicía Mäs, ii) para que “eles” nos entendan menos e iii) porque seica nolo impón alguén na Galicia. Poderán imaxinarse vostedes que estas

persoas son xente estudada...Pensan que lles dei convencido do contrario ao longo destes anos? Cá!! Seguen a pensar o mesmo.



Arestora estes relatos están lexitimados por organizacións políticas como Vox e parte substancial do PP estatal, mais xurdiron hai ben de anos. Xurdiron no felipismo que impediu a comunicación entre as diversas culturas nacionais do Estado. E, sobre todo, xurdiron no aznarato españolista. En ambos os dous casos co impagábel contributo dos media madrileños dos 80 e 90 do século pasado.

A cidadanía galega non ten madrileñofobia. Mais milleiros estan a se fartar de tanto supremacismo.

O roubo da luz

Asubaxeralizada a nivel do Estado do prezo da electricidade, por mor da nova tarifa no mercado regulado dende o 1 de xuño deste ano, o feito de producirmos na Galicia un 31% de enerxía superavitaria (descontando xa a queda enerxética das térmicas de Meirama-Cerceda (Naturgy) e As Pontes (Endesa), que exportamos ao resto do sistema estatal sen nos aproveitar de beneficio ningún e maila enxurrada de proxectos eólicos que non compensan nin ao País, nin aos propietarios nin ás comunidades locais polos seus custos ambientais, paisaxísticos e económicos (a produción eólica degrada e ás veces imposibilita a produción agrogandeira na súa área de proximidade) xeraron na Galicia a respecto da electricidade a treboada perfecta.

Velaí que cumpra entender o veto do martes 14-S do PPdeG e do PSdeG á proposta do BNG no Parlamento de Galicia para unha tarifa eléctrica galega que posibilite rebaixar a luz ás nosas persoas consumidoras e empresas (resolvendo o problema gravísimo das nosas industrias electrointensivas) como proba dunha servidume absoluta aos intereses dos aparellos centrais de ambos os dous polos do bipartidismo unionista-dinástico, sinalados polas portas xiratorias de ducias de ex presidentes e ministros do Goberno do Estado que accederon a importantes cargos de administración, xestión ou consultoría das empresas do oligopolio eléctrico. Moito máis chocante se ollamos aos Presidentes castelán-leonés Alfonso F. Mañueco (PP) e aragonés Javier Lambán (PSOE) propor unha tarifa eléctrica

que rebaixara a conta da luz para cadansúas rexións como territorios produtores. U-la dignidade política e o patriotismo de Alberto Núñez Feijóo e Gonzalo Caballero?

Mais con ser fulcral para o noso País re-



matar con esta usurpación económica (fácerenos producir enerxía asumindo graves custos ambientais e económicos e consumila ao mesmo prezo ca os territorios consumidores como Madrid), son esenciais tamén mecanismos fundamentais de reforma do mercado eléctrico, como o control dos prezos das enerxías hidroeléctrica ou nuclear, crear un operador eléctrico público galego ou (como adoita afirmar o presidente de ACOUGA, Manuel Pérez Arias) potenciar a xeración aló onde se consume, para ir reducindo o custo da rede do transporte eléctrico, o input non fiscal máis importante.

As medidas fiscais (rebaixa do 5,1% ao 0,5% do imposto sobre a electricidade, do 21% ao 10% do IVE e a suspensión do imposto de xeración eléctrica) do Goberno do Estado non son abundas. Precisamos dunha reforma global que remate coa pobreza enerxética e permita que Galicia poida desfrutar dunha electricidade máis barata para as nosas familias e empresas.

Os incumprimentos de Pedro Sánchez

Conversei demoradamente este 24-S en Compostela con dous referentes da avogacía a nivel europeo: o compostelán Evaristo Nogueira e máis o barcelonés Jaume Alonso-Cuevillas. Parolamos a respecto de que moitos políticos e non poucos xuíces reducen o respecto polos dereitos humanos a meras cuestións formais, cando non eivas para administrar xustiza ou resolver problemas sociais, sen se decatarse que non hai convivencia democrática posíbel que non se alicerce no basamento dos dereitos da persoa, no basamento da liberdade.

Denunciaba con toda a razón Evaristo Nogueira que o Goberno do Estado tiña esquecido a súa promesa de derrogar a pena da prisión permanente revisábel (PPR), imposta no seu día pola maioría absoluta do PP no Congreso e no Senado (2011-2015) contra da opinión do resto das forzas políticas. Esta promesa integrábase na súa axenda lexislativa das dúas eleccións estatais de 2019, como non podía ser doutro xeito, se atendemos que a maioría do Congreso aprobara en xaneiro de 2018 unha proposición de lei orgánica do PNV (decaída logo da convocatoria das

eleccións de abril de 2019) para reformar o Código Penal e suprimir unha sanción que atenta contra dos principios constitucionais do carácter resocializador e rehabilitador das penas e supón na práctica o cárcere eperpetuo. PPR absolutamente ineficaz e innecesaria, cando Galicia e o Estado presentan moi baixos niveis de criminalidade en comparanza con outros Estados da Europa e o mundo e cando, ao abeiro do moi rigoroso Código Penal español, calquera asasinato ten garantido penas entre 25 e 30 anos, que poden chegar até 40 no caso de ser executados por grupos terroristas ou da criminalidade organizada.

Mais o certo é que a derogación da PPR non é o único grave incumprimento da axenda lexislativa deste Goberno de coalición PSOE-Unidas Podemos. Velaí a permanencia no noso Dereito da reforma

da lei de seguranza cidadá do PP (a chamada “lei mordaza”), que limita arbitrariamente os dereitos fundamentais de libre reunión e demostración pública. Ou a vixencia dun delito totalmente alleo ao Dereito Penal comparado europeo como a sedición, que fixo posíbel as desaqueladas e inxustas penas sufridas polos presos políticos cataláns e determinou o rexeitamento polos Tribunais alemáns e belgas das euroordes redixidas polo Tribunal Supremo para obter a extradición de Carles Puigdemont e doutros soberanistas cataláns exiliados.

Pedro Sánchez, coa pasiva aceptación de Unidas Podemos, incumpre a súa axenda lexislativa de dereitos humanos. Velaí que os partidos que lles apoiaron para a investidura de xaneiro de 2020 haberían esixir o seu cumprimento.

A profesora de Enfermería Pilar Rodríguez Ledo, XXII Premio Novoa Santos da Asociación de Médicos Galegos

O acto tivo lugar no Paraninfo da Universidade de Santiago onde se lle fixo entrega do galardón á profesora de Enfermería no Campus de Lugo da USC.

A Asociación de Médicos Galegos (Asomega), en colaboración con Roche, celebrou a comezos de setembro no Paraninfo da USC o acto de entrega do XXII Premio Novoa Santos. Con este premio e o acto de entrega recoñeceuse a figura da profesora de Enfermería no Campus de Lugo, Pilar Rodríguez Ledo. A gañadora é tamén subdirectora Médica da Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Burela e Monforte e tamén vicepresidenta da Sociedade Española de Medicina Xeral (SEMEX).

No acto tomaron parte o reitor Antonio López e o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo ademais de Julio Ancochea, presidente de Asomega e Federico Plaza, en representación de Roche. Logo da laudatio que correu a cargo do catedrático da UDC, Javier Muñiz, a premiada procedeu a pronunciar o seu relatorio titulado "A Atención Primaria, un abano de oportunidades, dende a Medicina Rural á COVID persistente".



O 50% da contía do premio, que ascende en total a 12.000 euros, destínase á gañadora e o resto repártese entre outras dúas iniciativas designadas pola propia Rodríguez Ledo. O Premio Novoa Santos recoñece a personalidades relevantes de Galicia, ou directamente vinculadas a Galicia, do eido da Medicina-Sanidade, cuxa labor profesional ou científica acadase repercusión estatal ou internacional.

que ascende en total a 12.000 euros, destínase á gañadora e o resto repártese entre outras dúas iniciativas designadas pola propia Rodríguez Ledo. O Premio Novoa Santos recoñece a personalidades relevantes de Galicia, ou directamente vinculadas a Galicia, do eido da Medicina-Sanidade, cuxa labor profesional ou científica acadase repercusión estatal ou internacional.

Gonzalo Caballero se presentará á reelección da secretaría xeral do PSdeG

Un chamamento á "integración e a unidade", o secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, anunciou que o Comité Nacional Galego abordará a convocatoria do XIV Congreso do PSdeG, un órgano do que ten que saír "un

partido forte e revitalizado" que está chamado a xogar "un papel fundamental" para Galicia nestes tempos de reactivación.

Neste sentido, Caballero anunciou que se presentará á reelección da secretaría xeral do PSdeG.

Coa vista xa posta no futuro,

Gonzalo Caballero aludiu ás próximas citas electorais. "Con lealdade e unidade, o PSdeG estará nas mellores condicións para volver acadar resultados históricos nas eleccións xerais e nas eleccións municipais de 2023", proclamou.

PSdeG denuncia "discriminación" nas medidas de conciliación

No marco da Comisión de Sanidade, Política Social e Emprego celebrada no Parlamento galego, a deputada socialista Noa Díaz reclámalle á Xunta de Galicia que reformule as axudas á conciliación para evitar que sigan a ser discriminatorias para as mulleres ante uns datos que demos-

tran a súa "ineficacia".

Solicitou así á Xunta que valore novas liñas de axuda ou un novo modelo semellante ao que se aplica en Euskadi ou en Balears. Nestes dous casos, "bonifícanse as reducións de xornada dos homes e, por suposto, tamén das mulleres".

Apuntou ademais que a si-

tuación é máis grave tendo en conta que, segundo os últimos datos do IGE, "fronte ás 8.900 mulleres que deixaron de traballar para o coidado dos fillos e fillas, só 700 homes fixeron o mesmo". Noa Díaz alertou, ademais, de que este problema que se agudizou neste ano e medio de pandemia.

Zona Franca pon a disposición da DO de Ourense a súa aceleradora VinoExterior

O Consorcio da Zona Franca de Vigo puxo a disposición das Denominacións de Orixe (DO) de Viño da provincia de Ourense a súa aceleradora VinoExterior. O delegado da Zona Franca, David Regades, iniciou esta exploración na adega Gargalo, pertencente á DO Monterre, acompañado do seu propietario Roberto Verino.

Regades coñeceu o plan estratéxico 2024 desta adega, enfocada no seu proceso de inter-

cionalización. Neste sentido, o propietario desta adega, Roberto Verino, sinalou que Gargalo mantén un acordo de comercialización con Bodegas Riojanas que lle permitirá alcanzar 200.000 botellas para 2024.

O Consorcio da Zona Franca de Vigo conta con catro aceleradoras de internacionalización, sendo estas ViaExterior, unha aceleradora multisectorial, e outras tres sectoriais: VinoExterior, CulturaExterior e MarExterior.

Novo produto da liña galega de apicosmética Belacolmea

O 25 de setembro, a Agrupación Apícola de Galicia instalou un punto de información e venda de Belacolmea no Cebreiro, a última parada desta liña de apicosmética tras un longo percorrido a través do Camiño de Santiago, presentando a última incorporación da súa gama de cosmética natural: un bálsamo labial reparador.

Apoiado polo programa O Teu Xacobeo, Belacolmea aglutina os beneficios do Mel de Galicia con Indicación Xeográfica Protexida, así como doutros produtos da

colmea como son o propóleo ou a cera. Neles, os camiñantes recibían como agasallo un Pack Peregrino composto por tres mostras: un bálsamo para pés de nutrición intensa e os bálsamos corporais ApiDor e ApiReparador.

Tras comezar este periplo o pasado día 5 de xuño en Lalín, Belacolmea chegou ao final desta "peregrinación" precisamente nas portas do Camiño Francés, recibindo aos camiñantes que accedan a Galicia entre as senlleiras pallizas que gardan séculos de historia.

ANTOMS

O Calvario



Sevilla e A Coruña mellorarán a súa conectividade como destinos turísticos

Alcaldesa da Coruña, Inés Rey, e o xerente de Turismo de Sevilla, Antonio Jiménez, asinaron un convenio marco co fin de dar un paso máis na colaboración entre ambas as cidades para se promocionar e acadar así mellores resultados de posicionamento turístico.

Os principais obxectivos deste acordo son o desenvolvemento de accións que contribúan a optimizar a marca e imaxe dos destinos combinados, a través dunha colaboración selada entre Congresos e Turismo de Sevilla (Contursa) e o Consorcio de Tu-



rismo da Coruña. Tamén pretende a organización de actividades conxuntas tanto para o público final como para axentes intermediarios en terceiros mercados

estratéxicos, desde prestacións a visitas comerciais, seminarios de formación ou accións de comunicación e mercadotecnia dixital.

Inés Rey asistiu a apertura á cidadanía da rúa Pintor Joaquín Vaamonde

Alcaldesa, Inés Rey, asistiu a apertura á cidadanía da rúa Pintor Joaquín Vaamonde tras as obras de reforma levadas a cabo na vía dentro do Plan municipal Coruña Camiña. “Damos un paso máis na nosa aposta por unha mobilidade sostible e segura; esta actuación é unha mostra máis de que a cidade camiña cara a unha nova mobilidade coa recuperación de novos espazos dignos para vivir, saudables e prósperos”, dixo, e engadiu que “xa non hai marcha atrás, a cidade avanza na súa transformación cumprindo os obxectivos de mobilidade sostible que marca a ONU”. A alcaldesa



falou dunha rúa que mudou a súa fisionomía, unha rúa nova con máis luz, froito dunha humanización que permitiu mellorar o espazo urbano “porque as rúas son

para vivilas”. O Goberno local, afirmou, aspira a conseguir unha cidade máis amable, con un tráfico máis calmado, onde o espazo público sexa un espazo de calidade.

"Roteiro da Vergoña" na Coruña contra os restos do franquismo

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) convocou para o 2 de outubro a un Roteiro da Vergoña, en colaboración coa Asociación Veciñal de Agra do Orzán, baixo o lema “Fóra das nosas rúas os alcaldes da ditadura”. Nos próximos meses continuará con outros roteiros para acabar cos restos do

franquismo na Coruña.

Na Coruña, como contraste, dos 108 restos do franquismo que quedan por retirar, 30 están relacionados con alcaldes e alcaldesa na ditadura, que ocuparon o cargo até abril de 1979: 11 rúas, retratos, distincións, placas, esculturas.

O roteiro polas catro rúas do barrio do Ventorrillo comezará

na placa de “Alcalde Liaño Flores”, na súa confluencia con Rolda de Outeiro, continuará pola rúa “Alcalde Jaime Hervada”, haberá unha parada na escultura de Pucho Boedo na rúa Mosteiro de Caaveiro, continuará pola rúa “Alcalde Salorio Suárez” e rematará na rúa “Alcalde Peñamaría de LLano”, na súa confluencia con Mosteiro de Caaveiro.

Éxito do Mercado da Deputación no Festival de La Luz



O deputado de Economía e Facenda, Antonio Leira, visitou o Mercado da Deputación no Festival de La Luz, que se celebrou na localidade coruñesa de Boimorto.

Durante estes días participaron un total de 42 empresas e asociacións coruñesas do ámbito da artesanía, a ecoloxía, a

creación artística ou a innovación procedentes de concellos coma Ames, Cambre, Santiago de Compostela, Sada, Ordes, Santa Comba, Noia, Malpica, Ferrol, O Pino, A Coruña, Camariñas, Cabanas, Valdoviño, Neda, Melide, Vedra, Ponteceso, Arzúa, Miño, Paderne, Abegondo, Culleredo, Curtis ou Oroso.

Deputación da Coruña inaugurou a Escola de Verán do Poder Xudicial

O Pazo de Mariñán (Bergondo) acolleu a XXIII edición da Escola de Verán do Poder Xudicial, organizada baixo o título 'Camiño de Santiago: Camiño de Paz e Xustiza', que contou coa colaboración da Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña.

A Escola foi inaugurada polo presidente da Deputación, Valentín González Formoso, o titular da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo e o presidente do Tribunal Supremo e do Consejo General del Poder Judicial, Carlos

Lesmes.

Durante o curso analizarase a Historia do Dereito e, entre outras cuestións, examínase o nivel de protección de Santiago de Compostela, dos distintos camiños ao seu paso por diferentes comunidades autónomas e do patrimonio histórico presente ao longo dos percorridos. Crearase así un espazo de reflexión sobre os vínculos existentes entre o Camiño de Santiago e o Dereito, coincidindo coa celebración do Ano Santo Xacobeo 2021-2022.

 **MIRANDA**
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

A Coruña avanza no futuro do seu Porto

A Corporación Municipal da Coruña aprobou por unanimidade unha emenda acordada entre PSOE, Marea Atlántica e PP que destalla un gran acordo municipal para o futuro do desenvolvemento do Porto e da cidade.

Un dos exemplos foi a conexión ferroviaria a Punta Langosteira, que o goberno da alcaldesa Inés Rey conseguiu levar adiante con 171 millóns de euros e dous ramaís. O Goberno local non renuncia reclamar a condonación da débeda, pero tampouco renuncia a buscar outras alternativas que garantan a viabilidade financeira da Autoridade Portuaria.

No acordo, o Goberno local comprométese a elaborar un novo marco xurídico, urbanístico e fi-



nanceiro de reordenación da fachada portuaria interior, que libere a cidade das cargas económica da construción do porto exterior e que substitúa os convenios urbanísticos de 2004, e como con-

secuencia revisar o PXOM do 2013.

Por outra banda, se anunciou igualmente que no semestre de 2022 as veciñas e os veciños do Castrillón terán o complexo deportivo e a súa disposición.

O PRESCO coruñés, referencia para a hostalería galega e española

Asociacións de hostaleiros de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e entidades de ámbito nacional reuníronse na Coruña, convidadas pola Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría, que preside Héctor Cañete, para coñecer os detalles do PRESCO como plan de incentivos ao comercio.

O PRESCO entrou en funcionamento na Coruña na súa segunda edición, con 477 negocios adheridos. Os usuarios poderán trocar os bonos de desconto nos negocios adheridos ata o

vindeiro 30 de novembro. Forma parte dos plans de recuperación económica impulsados pola alcaldesa Inés Rey, cun monto de 20 millóns de euros.

Os bonos financiarán o 40% do consumo por persoa desde 10 euros de gasto ata un máximo de 15 euros por persoa. Con respecto á primeira edición, a achega municipal por cidadán sube ata os 135 euros (o primeiro plan tiña un límite de 105 euros). Neste segundo Presco os establecementos poderán ingresar ata 5.000 euros de axudas co plan de bonos.

A Coruña estrea "Los Pazos de Ulloa" para conmemorar a Emilia Pardo Bazán

Alcaldesa, Inés Rey, presentou en María Pita a estrea absoluta da obra "Los Pazos de Ulloa", xunto coa súa directora, Helena Pimenta, o autor da versión teatral, Eduardo Galán, e os actores Pere Ponce e Marcial Álvarez. A representación forma parte do programa #EPB100 co que Concello celebra o centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán.

A representación celebrarase dentro do programa deseñado polo Concello que inclúe máis de 40 iniciativas sobre a figura da escritora desde o ciclo "As mulleres, cen anos despois de Emilia



Pardo Bazán".

Rey destacou que o Teatro Rosalía leva anos tomando o pulso da vida cultural da cidade cunha

axenda chea de eventos como a programación do ciclo principal outono 2021 con 13 propostas de calidade até o 18 de decembro.

Concello invistiu preto de 400.000 euros nos centros de ensino

O Concello da Coruña investiu preto de 400.000 euros en reforzar os traballos de conservación e mantemento dos colexios, segundo anunciou o concelleiro de Educación, Jesús Celemín, lembrando o compromiso do goberno municipal co ensino público.

Ao longo destes meses realizáronse máis de 300 intervencións en labores de mantemento cun orzamento de 26.556 euros. O arranxo da instalación de lámpadas do patio do CEIP Labaca e o cambio de luces no patio interior de Educación Infantil do colexio Salgado Torres foron as máis destacadas.

A Coruña actualiza o seu mapa luminoso

No marco da Semana Europea da Mobilidade, o concelleiro de Urbanismo e Mobilidade, Juan Díaz Villoslada, presentou unha actualización do mapa luminoso da cidade, que inclúe toda a rede de iluminación coas súas características, co fin de acadar unha

iluminación máis sostible e segura, reducir os niveis de contaminación e consumo enerxético.

Villoslada lembrou que o obxectivo do Goberno de Inés Rey é renovar a iluminación pública da cidade nos próximos tres anos cunha axuda europea de 12,6 millóns de euros, despois de que o

Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico ratificara o proxecto presentado polo Executivo local para mellorar a eficiencia da cidade. Unha cifra que o Concello completará con 3,1 millóns de euros, até acadar a contía total de 15,7 millóns de euros.

25º aniversario da caída do vertedoiro de Bens

Alcaldesa da Coruña Inés Rey lembrou o 25.º aniversario da caída do vertedoiro de Bens, un desastre ecolóxico que supuxo "un antes e despois nas políticas de tratamento de residuos da Coruña e de moitas cidades de España".

Rey anunciou que o Goberno local adxudicará este mes a redacción do documento para a adecuación das instalacións da planta de reciclaxe de Nostián ás novas normativas vi-

xentes, para a renovación das súas instalacións, así como para a licitación do contrato de concesión de servizos de tratamento de residuos para a xestión da planta. O valor estimado do novo contrato ascende a 272.260.290 euros, cunha duración de 15 anos, con énfase no mantemento dos postos de traballo, na campaña de reciclaxe e a separación nos fogares para reducir a porcentaxe de refugallo.

Galicia

Redacción A CORUÑA

BNG reforza en Córsega lazos coas nacións sen Estado europeas

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, participou na cidade de Bastia en diversos encontros con representantes do Pobo corso, no marco das xornadas de traballo organizadas pola Alianza Libre Europea, que se desenvolven en Córsega.

Miranda reuniuse co presidente corso, Gilles Simeoni, a quen felicitou pola recente maioría absoluta do nacionalismo corso integrado en Femu à Corsica nas eleccións rexionais. Así, Miranda convidou a Simeoni a visitar Galicia.

Pola súa banda, Simeoni e o alcalde de Bastia, Pierre Savelli, lembraron a visita a esa cidade corsa en 2013 do alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, destacando o mo-



delo e urbanismo sustentable de Pontevedra como unha referencia para a cidade de Bastia.

Segundo apuntou Miranda, o nacionalismo corso e o galego teñen moitas loitas comúns,

como a defensa da autodeterminación, dos dereitos lingüísticos e a cultura propia, a defensa do medio ambiente –entre as que sinalou as loitas antinucleares-, e a xustiza social.

PSdeG criticou ao PP pola súa "falta de compromiso" coa candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial

A voceira de Cultura do PSdeG, Noa Díaz, lamentou que o Partido Popular votase en contra da proposta socialista para fortalecer a candidatura da Ribeira Sacra, destacando a "falta de compromiso" do goberno galego.

Na súa proposta, Noa Díaz esixíalle á Xunta que presentara

no Parlamento un plan de actuación con prazos e datas concretas para a elaboración dos proxectos das candidaturas pendentes de declaración como Patrimonio da Humanidade. As outras tres propostas que están agardando son a dos Ancares-Somiedo, o Ferrol da Ilustración e o Parque Nacional das Illas Atlánticas-Illas Cies.

Co respecto ao proxecto da candidatura da Ribeira Sacra, Díaz propoñía manter informada a poboación da Ribeira Sacra así como os seus entes locais, axentes culturais e socioeconómicos e Deputacións sobre a nova estratexia da candidatura. Tamén propuxo potenciar o Camiño de Inverno a Santiago.

Caballero: "115 traballadores das Vestas de Viveiro agardan unha solución da Xunta"

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, amosou a súa solidariedade e compromiso cos 115 traballadores afectados polo peche de Vestas en Viveiro, criticando a falta de compromiso da Xunta cunha planta con máis de

20 anos de traxectoria.

"Fai falla un goberno galego que asuma as súas competencias e que aposte polo futuro de Galicia", incidiu Caballero, insistindo na necesidade de que a Xunta desenvolva un plan para a industrialización da Mariña lucense.

"Feijóo converteu o Consello da Xunta nun 'baile de sillas irrelevante'"

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, lamentou que o presidente da Xunta teña convertido o Consello da Xunta nun "baile de sillas irrelevante para Galicia", en lugar de ocuparse de problemas máis importantes para Galicia como "a xestión da pandemia, das listas de espera, da falla de profesores, da falla de traballo ou da caída da natalidade

dos galegos e das galegas".

As críticas se deberon á decisión de Feijóo de "manter como deputados aos dous vicepresidentes do goberno galego, nun exercicio de escapismo da sesión de control do Parlamento para agochar o seu fracaso na xestión da sanidade pública ou o despedido dos profesores de apoio no ensino público de Galicia".

BNG denuncia en Bruxelas a "estafa" das empresas eléctricas

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, denunciou que o baleirado dos encoros por parte das compañías eléctricas Energy e Iberdrola vulnera a Directiva Marco da Auga da UE, ao permitir que por exemplo os de Cenza e Portas –na provincia de Ourense– queden nun 15% da súa capacidade habitual, cando o habitual é que sexa dun 50% e dun 75%,

respectivamente.

Segundo Miranda, o baleirado dos encoros galegos é un exemplo "moi claro" do espolio e o roubo que sofre Galiza, criticando ó mesmo tempo a inacción da Xunta e do Goberno central. Por outro lado, o BNG considera indispensable cambiar o sistema de fixación do prezo da enerxía eléctrica, pasando a depender dos custos recoñecidos a cada tecnoloxía.

BNG premerá pola exclusión da pesca artesanal galega do Regulamento de Control da UE

A portavoz do BNG en Bruxelas, Ana Miranda, e as deputadas nacionalistas Rosana Pérez, Carmela González, e Daniel Castro expresaron o total apoio do Bloque ás críticas manifestadas pola Federación Galega de Confrarías a

respecto da singularidade da pesca artesanal galega fronte á aplicación do Regulamento de Control de Pesca da UE.

Ao respecto, a portavoz do Bloque en Europa subliñou a necesidade de seguir facendo un grupo de presión en Bruxelas

co obxectivo de defender ao sector e dar a coñecer a situación da pesca galega. Neste sentido avanzou que unha das reivindicacións que defenderá será a de que as Confrarías se recoñezan como Organización de Produtores.

MARTIRENA



O polígono industrial de Xinzo de Limia terá sistema de videovixilancia

Gabriel Alén, delegado da Xunta, desprazouse ao Concello de Xinzo de Limia para visitar, acompañado da alcaldesa, Elvira Lama, e do presidente da Asociación de Empresarios, José Manuel Gómez, o parque empresarial deste municipio, onde a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación vai investir 36.711,97 euros na instalación dun sistema de videovixilancia.

O delegado territorial explicou que a actuación consiste na instalación dun sistema de videovixilancia neste recinto empresarial.

O sistema –segundo o representante do Goberno galego– contará con cámaras de visión nocturna (12 cámaras de tecnoloxía IP con 4 k de resolución e visión nocturna, conectadas mediante fibra óptica co servidor gravador), especialmente deseñadas para o recoñecemento de matrículas, conectadas todas elas a un equipo conmutador de rede, xestionado por un servidor con software específico de control, que posibilita a visión en tempo real de cada unha das cámaras dende calquera ordenador con conexión a internet, así como o almacenamento de

imaxes e envío de alarmas.

Gabriel Alén subliñou tamén que está a piques de licitarse a obras de urbanización da ampliación do mesmo nas que a Xunta investirá máis de 3,6 millóns. Deste xeito, significou que coa ampliación do parque empresarial de Xinzo de Limia, este terá unha superficie total de 118.695 m², dos que 86.521 m² se corresponden ás 23 parcelas de usos industrial e comercial nas que quedará dividido esta área empresarial.

A provincia de Ourense contará con proxectos en 11 parques empresariais, pertencentes a 10 con-



O parque empresarial de Xinzo será ampliado.

cellos, que se apoiarán en un investimento de máis de 1,1 millón de euros, dos que 912.222 euros serán aportados pola Xunta.

Desde a súa posta en marcha, a través das liñas para a mellora

dos parques empresariais galegos e para a creación de novos viveiros industriais, lévanse apoiados 593 proxectos de mellora nos parques empresariais e impulsados 13 viveiros industriais.

Acondicionamento de estrada na Veiga, Viana do Bolo e O Bolo

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciou as obras de acondicionamento da estrada autonómica OU-129, ao seu paso polos concellos da Veiga, de Viana do Bolo e do Bolo. Estas obras, cun investimento autonómico de máis de 1,2 millóns de euros terán un prazo de execución estimado en 6 meses.

A intervención consiste no reforzo de firme da estrada, ademais doutras actuacións ao longo de todo o seu trazado, de algo máis de 10 km de lonxitude, de cara a mellorar a seguridade viaria. Tamén se rematará a renovación da rodaxe en todo o ancho da estrada mediante a extensión de drenaxe transversal. Os traballos que se están a executar inclúen a reposición de 4.000 metros da barreira metálica existente, a renovación de toda a sinalización vertical, así como a colocación de fitos kilomé-



Estrada autonómica OU-129.

tricos e captafaros.

Ademais, prevese o repintado de todas as marcas viarias, a limpeza das marxes da estrada, con limpeza e reapertura de cunetas, e a adecuación de treitos antigos como cambios de sentido. No marco destas obras, actuarase tamén na zona de conexión da estrada OU-533, ampliando a plataforma dun ramal para dar continuidade á sección da estrada, máis 2 metros de cuneta transitábel.

Tamén se corruxirá o peralte

da curva do punto quilométrico 8+400 da OU-129, renovarase as xuntas de dilatación na ponte sobre o río Xares e procederase á renovación da capa de rodaxe e á reparación das beirarrúas.

A titularidade da OU-129, a antiga OU-0804, foi transferida á Xunta, segundo o aprobado en setembro do pasado ano polo Consello da Xunta, dando cumprimento ao acordado coa Deputación de Ourense, polo que esta asumiu a titularidade das estradas OU-211 e OU-400.

O centro de saúde de Maside vai ser reformado



Julio García Comesaña e José Manuel Iglesias Araújo.

O conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade, e José Manuel Iglesias Araújo, alcalde de Maside, asinaron un acordo no que se establecen as bases para o financiamento das obras de reforma do centro de saúde da localidade. O investimento será de 48.399 euros, cofinanciada a partes iguais pola Xunta e o concello. O conselleiro agradeceu a boa disposición do alcalde e o papel de intermediación do delegado territorial para poder asinar este convenio, con

tempo suficiente para que se poida licitar a obra e executarse en prazo. Deste xeito, o persoal e os pacientes do centro de saúde desa localidade contarán, a partir do ano que vén, cun centro de saúde mellor e máis comfortable, ademais de mellorar a eficiencia enerxética do edificio e aforrar no consumo.

As obras, logo do informe dos técnicos do Sergas, consistirán na renovación da carpintería exterior, a adaptación do aseo, acabados interiores e a renovación da calefacción.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Galicia

Redacción OURENSE

O Goberno central impulsa a variante norte de Ourense

O PSdeG de Ourense celebra que o Goberno de Pedro Sánchez impulse definitivamente a variante norte de Ourense, tralo “ninguneo e desprezo” a que esta obra “de vital importancia” foi sometida polos executivos do PP. “Os trámites administrativos necesarios que culminan agora, só avanzaron grazas a gobernos socialistas e de progreso do PSOE na Moncloa, fronte a un PP que foi unha trituradora de investimentos para a nosa provincia”, sinalan o deputado socialista no Congreso, Adolfo Pérez Abellás; a deputada, Uxía Tizón, e o senador, Miguel Bautista.

A licitación do primeiro tramo desta autovía de circunvalación

–unha das obras máis lonxevas dos Orzamentos Xerais do Estado– vén de ser autorizada no Consello de Ministros, o que permitirá a súa execución inmediata. Tamén continuarán os trámites para executar os quilómetros restantes ata a ponte sobre o encoro de Velle e os primeiros tramos da autovía a Lugo, sinalan fontes gubernamentais.

“O PP, co beneplácito de Alberto Núñez Feijóo, Manuel Baltar e Gonzalo Pérez Jácome, que non reclamaron absolutamente nada durante os anos de goberno de Rajoy, son os responsables máximos de que as obras máis importantes de historia de Ourense estiveran en paralizadas e sen carcos”, insisten. Os deputados e o

senador socialistas recordan que, durante o mandato de Rajoy, a tramitación estivo “conxelada” sen que se producise ningún paso relevante “máis aló de sacar o proxecto dun caixón para gardalo noutro”.

Unha autovía chave

A obra que autorizou o Consello de Ministros é un tramo “clave” de “vital importancia” para Ourense xa que, trala súa execución, permitirá liberar o trazado da N-120, con fin de converter esta vía no ansiado bulevar termal que deseñou o PSdeG-PSOE no goberno socialista da capital entre 2007 e 2015.

A lonxitude desta actuación con sección de autovía é de 1,7 quilómetros e ten a súa orixe no



Ourense desde Piñor.

acceso norte da A-52, onde actualmente existen dúas calzadas separadas de dous carrís por sentido. A variante será executada conectando coas calzadas existentes, dando continuidade aos tráfico da N-120. O tramo finalizará na ligazón de Quintela, onde conectará de novo coa estrada nacional no punto quilométrico 572. Neste punto proxectouse un enlace provisional,

que permitirá poñer en servizo o primeiro tramo con independencia do segundo.

O tramo autorizado polo Goberno central inclúe obras singulares como un viaduto sobre a N-120 e a liña ferroviaria Monforte de Lemos-Vigo; outra unha nova ponte sobre o río do Porto; e dous pasos inferiores baixo o tronco da vía e baixo un dos ramales de Quintela.

Ourense e Santa Rosa del Cabal, Colombia, intercambiarán coñecemento sobre termalismo, viño e café

Gonzalo Pérez Jácome, alcalde de Ourense, recibiu o seu colega Rodrigo Toro, alcalde de Santa Rosa del Cabal, unha localidade colombiana de 110.000 habitantes no departamento de Risaralda. Ambos dirixentes acordaron un principio de irmandade, polas características comúns das dúas cidades, que se concretará no estudo das diferentes aplicacións do termalismo e na promoción dos viños ourensáns no país centroamericano e na do café colombiano en Ourense.

Santa Rosa del Cabal é posuidora da “mellor cunca de café do mundo” –está emprazada nunha rexión denominada O eixo do café–, un recoñecemento á boa elaboración da súa materia prima. Entre os produtos que se comercializan na localidade colombiana destaca ‘Mi Terruño’, elaborado pola asociación Ammucamp de mulleres labregas en situación de



Gonzalo Jácome e Rodrigo Toro.

vulnerabilidade social, e do que Rodrigo Toro lle entregou unha mostra ao alcalde ourensán.

Pérez Jácome, que sempre salientou as excelencias do café ourensán, anunciou ao remate da reunión que preparará un convenio coa hostalaría local para que lles permita coñecer todos os segredos do mellor café do mundo. Así mesmo, estudarse a diferentes

aplicacións das augas termais nas dúas cidades: máis enfocadas ao lecer do sector turístico e hoteleiro en Santa Rosa del Cabal, e cara á saúde en Ourense.

O seu homólogo colombiano, pola súa banda, declarou sentirse moi honrado de poder darlles promoción aos viños ourensáns, dos que escoitou grandes referencias na súa zona.

Novo equipamento para Riós



Membros dos Queimas, de Riós, co alcalde.

Gabriel Alén, delegado da Xunta, visitou acompañado de Francisco Armando Veiga, alcalde de Riós, a sede da ‘Asociación Cultural e Veciñal de Castrelo de Cima Os Queimas’. Supervisaron as obras de acondicionamento do seu local social e a adquisición de novo equipamento para as que contou cunha achega de 16.945,15 euros da Vicepresidencia pri-

meira da Xunta.

As obras que se están a desenvolver consisten no arranxo dunha cociña comunitaria para que os veciños poidan celebrar comidas populares e a construción dunha rampla de acceso ao interior do local a persoas de mobilidade reducida; así como a adquisición de material informático e de son para as actividades de lecer en época estival.

Os grupos políticos da oposición no Concello apoian á Plataforma pro Universidade Popular

O grupo municipal do PSdeG-PSOE de Ourense vén de acudir, xunto con representantes dos demais grupos políticos da oposición, a unha reunión coa Plataforma en contra do peche da Universidade Popular de Ourense (UPO), na que lle manifestou todo o seu apoio aos representantes do colectivo e a súa disposición para continuar defendendo a permanencia da UPO no seo do Concello, respectando a súa esencia e os seus valores.

“Queremos agradecer o labor impagable que está a realizar esta plataforma a prol da defensa da cultura de Ourense e tamén amosar a nosa indignación a respecto do papel do Partido Popular, que hoxe demostrou que xoga a dúas bandas ao non acudir ao encontro cos representantes da UPO malia estaren convocados a unha xuntanza previa á que supostamente non se presentaron por incompatibilidades nas súas axendas”, sinalou o voceiro socialista, Rafa Villarino, trala reunión mantida no Liceo.

Neste sentido, os socialistas



Membros dos grupos políticos da oposición municipal.

critican que os populares da cidade utilizaran a defensa da UPO de forma “interesada e partidista” antes de volver integrarse no goberno local e agora que teñen responsabilidades políticas, “renegan da súa palabra e priorizan a cuestión económica, que foi a que os levou a reeditar o pacto con Jácome e a causa de que o alcalde poida cometer este tipo de aldraxes”.

“Nós xa dixemos no seu momento que o Partido Popular renunciou ao seu compromiso coa

cultura cando volveu pactar con Jácome e volve amosalo agora, pregándose á mercantilización dunha institución senlleira como a UPO co fin de satisfacer intereses políticos e persoais”, condenan os socialistas.

Por outra banda, Villarino censurou o “cambalache” entre Jácome e Baltar, quen segundo os integrantes da plataforma lles propuxo, nunha reunión celebrada o pasado día 2 de agosto, converter a UPO nunha entidade sen ánimo de lucro para logo “financiala e controlala

dende a Deputación”, algo ao que se opoñen tanto os defensores da institución como os grupos políticos municipais.

Ademais, advirten que a intención de Jácome é privatizar a institución posto que “xa manifestou que non respecta o acordo plenario e non vai asumir o control da Federación de Universidades Populares”, ao implicar a elaboración dunhas bases legais que lle impedirían adjudicar os cursos “a dedo” para darllos a “empresas amigas” e sacar “rédito persoal”.

Os socialistas anuncian que solicitarán –en conxunto co grupo do BNG, Ciudadanos e os concelleiros non adscritos que pertencían a Democracia Ourensana–, informes que permitan aclarar se os acordos acadados por maioría no pleno extraordinario monográfico do mes de xullo para a reactivación e mantemento do servizo municipal da UPO son vinculantes.

Ademais, pedirán toda a documentación relativa ao expediente de baixa do Concello na Federación de Universidades Populares, que foi cursada polo concelleiro Armando Ojea no pasado mes de abril “sen existir ningún tipo de diálogo nin consenso cos demais grupos”.

“Nós entendemos que se trata dun tema que é de competencia do pleno polo que pediremos que se aclare este punto e tamén consultaremos a posibilidade de celebrar un segundo pleno extraordinario sobre a Universidade Popular porque entendemos que precisa de todo o noso apoio ante os ataques indiscriminados de Jácome en connivencia co Partido Popular”, conclúen.

O BNG volve saír á rúa para demandar medidas reais e efectivas que rebaixen o recibo da luz

O BNG volve saír á rúa para esixir medidas reais e efectivas que permitan abaratar o recibo da luz e calmen esta situación “insoporable” tanto para as familias como para a mediana e pequena empresa.

Na carpa situada na rúa do Paseo, Noa Presas aseguraba que “vemos con indignación como o prezo da enerxía eléctrica volve bater un récord, o terceiro da semana. O prezo do megavatio hora está nos 188 €, unha subida dun 9 % en só 24 horas, se o comparáramos co prezo de hai un ano vemos que hai unha suba do 268 % xa que hai un ano estaban nos 51 euros”.

Para Presas esta situación “é un absoluto escándalo e demostra que as medidas do goberno central son insuficientes porque non van ao fondo da cuestión, que é a impunidade das eléctricas e a forma de conformarse a factura, cun sistema absurdo no que tecnoloxías que producen de forma moi barata como a hidroeléctrica acaban cobrando como as máis caras. É como se imos ao super e nos cobran unha barra de pan a prezo de marisco”.

Ante esta situación, o BNG anuncia que de novo sairá as rúas de vilas e cidades e lembran que xa no pasado mes de xullo entregaron 23.000 sinaturas para

esixir a fin desta estafa e para reclamar que os gobernos galego e central actúen a favor dos galegos e contra as eléctricas.

Noa Presas insistiu nas propostas que o BNG ven reclamando con insistencia e que axudarían a paliar a situación actual. “seguimos reclamando a rebaixa do IVE ao 4% e de forma permanente así como a creación dunha tarifa eléctrica galega”, e engade, “Galiza é unha produtora excendataria de enerxía eléctrica e o que non pode ser que asumamos os custos sociais e ambientais como estamos vendo na crise dos encoros e o que nos veña de volta sexa unha factura da luz que é



Membros do BNG na rúa do Paseo.

unha estafa. A cambio de producir e exportar debemos ter peaxes máis baratas. Unha tarifa diferente é algo habitual nos países da contorna europea como como Alemaña ou Noruega. Trátase de xustiza”.

En relación precisamente co acontecido este verán co baleirado dos encoros e ante a ausencia e pasividade da Xunta, Presas anun-

ciou que desde o BNG “solicitaremos no próximo pleno unha comisión de investigación no Parlamento galego. O PP ten que explicar por qué mentiu, porque sabía que isto ía acontecer e non fixo nada ao tempo que cómpre dirimir as responsabilidades das eléctricas, do Estado e da Xunta para reclamar os cambios e as medidas necesarias”.

Avaliadas medidas de recuperación das zonas afectadas polos incendios en Ribas de Sil

Un grupo de técnicos do Centro de Investigación Forestal (CIF) de Lourizán, acompañados por persoal do distrito forestal VIII – Terra de Lemos, desprazáronse aos concellos lucenses de Ribas de Sil, Quiroga e A Pobra do Brollón para avaliar os danos causados polos incendios iniciados no primeiro dos municipios e para valorar as actuacións posteriores a levar a cabo.

Nesa liña, puideron comprobar que o solo sufriu un nivel de afección baixo, malia a orografía da zona e as longas pendentes existentes na zona. Así, en gran

parte do terreo afectado comprobouse que a boa xestión do monte axudou a que ese dano fora menor. Nunha primeira avaliación preliminar, constatouse que o lume provocou o soflamado das copas das árbores, o que derivará na caída das follas que farán de barreira natural e protexerán o solo.

Na zona de monte raso constatouse unha superficie algo máis danada, que comprende entre un 5-10% da superficie total afectada, que precisaría algún tipo de actuación para rexenerar a zona e evitar posibles escorrentías. Neste senso, cabe lembrar que

noutras ocasións anteriores, a Consellería do Medio Rural recorreu a técnicas como o mulching ou o helimulching e, precisamente, a Xunta está a avaliar a aplicación desta técnica nas áreas máis afectadas. Esta técnica permite crear unha cuberta protectora do solo empregando materiais como a palla de cereais (de trigo, de cebada ou de centeo habitualmente). Estes traballos lévanse a cabo cun helicóptero -helimulching- nas zonas de máis pendente e de forma manual -mulching- nas áreas accesibles a pé.

Por último, cabe sinalar que non hai conexión directa entre

as zonas afectadas polo lume e os ríos existentes na zona, o Lor e o Sil. De feito, os técnicos observaron que no fondo das vaxiadas existe unha barreira natural de vexetación que evitaría calquera arrastre de cinzas aos cauces dos ríos.

Segundo as últimas medicións, o primeiro afectou unha superficie dunhas 1.580 hectáreas, tanto en Ribas de Sil como en Quiroga e A Pobra de Brollón, mentres o de Nogueira se sitúa nas 140 ha. Para o control do meirande destes lumes se mobilizaron 15 técnicos, 49 axentes, 119 brigadas, 54 motobombas, 6 pas, 8 avións e 14



Os danos foron baixos pola boa xestión do monte e á rápida actuación dos medios de extinción.

helicópteros, así como persoal e medios da Unidade Militar de Emerxencias (UME). Mentres, en Nogueira, traballaron 6 técnicos, 21 axentes, 46 brigadas, 29 motobombas, 5 pas, 7 avións e 6 helicópteros.

Obradoiro Serra do Faro compartido por Carballo e Chantada

Os vinte alumnos traballadores que se formaron no obradoiro de emprego Serra do Faro V, compartido por Carballo e Chantada, recibiron os diplomas nun acto no que participaron os alcaldes de ambos concellos, Julio Yebra Pimentel e Manuel Lorenzo Varela, respectivamente.

Os participantes reciben un certificado de profesionalidade que os acredita para exercer traballos na especialidade elixida -albanería ou xardinaría-, ben como asalariados en empresas do sector ou como traballadores por conta propia, dado que tamén adquiren coñecementos específicos orientados ao emprendemento. Ademais, incluíronse incentivos para a contratación de 14 alumnos en empresas da contorna durante un mínimo de tres meses.

Próximamente dará comezo unha nova edición deste proxecto, que suporá novas oportunidades laborais para outras 20 persoas desempregadas destes municipios. A Consellería de Emprego e Igualdade destinará 368.000 euros á iniciativa, que xunto coa que agora remata eleva o investimento



Os alumnos recibiron os diplomas correspondentes.

a preto de 745.000 euros nos dous últimos anos.

Obras e servizos

O obradoiro de emprego clausurado formou durante nove meses a dez alumnos na modalidade de Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización, e a outros tantos na de Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes.

Ao tempo que reciben aprendizaxe teórica e práctica, os participantes nos obradoiros de emprego realizan obras e servizos de interese social. No caso de Carballo, acondicionaron os ac-

cesos e a área recreativa da Barreira e remodelaron a zona axardinada da praza do Concello, entre outras.

En Chantada traballaron na instalación e mantemento de zonas verdes como a contorna do paseo fluvial do río Asma dende o campo do Sangoñedo ata o núcleo da Ponte, o parque Eloisa Rivadulla ou a Praza de Galicia. Tamén melloraron as beirarrúas neste último punto -no tramo do xulgados- e na Avenida de Monforte, así como os pavimentos na zona das pistas de tenis.

Viveiro avanza na redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal



A próxima reunión será de técnicos.

Francisco Menéndez, director da Axencia Galega de Infraestruturas, reuniuse con representantes da corporación municipal de Viveiro. O director informou dos criterios que se deben ter en conta na elaboración do PXOM, debendo recoller este documento o proxecto de trazado aprobado para o desenvolvemento da vía de altas presta-

cións da Costa Norte ao seu paso polo concello.

Na xuntanza acordouse a celebración dunha próxima reunión entre técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas e técnicos municipais que están a participar na redacción do PXOM coa fin de determinar, máis polo miúdo, os sobre os detalles técnicos relativos á rede viaria que permitan pechar o documento.

Felipe Iglesias, escultor e pintor

“A arte sempre funciona a picos, altos e baixos”

Felipe Iglesias é pintor e escultor. Aprendeu do seu pai, Aurelio Iglesias, escultor e profesor de debuxo e pintura na Escola de Artes e Oficios da Deputación de Ourense. “Por aquel tempo asistían a clase do meu pai Xaime Quessada, Xosé Luís de Deus, Vidal Souto, Acisclo Manzano, é dicir os denominados por Vicente Risco como “artistiñas”. Tamén Teté Quiroga e Carmucha, á aula de copias de xeso”, dí Felipe.

Iglesias mantivo contacto cos pintores Manuel Zapata, xa falecido, e ségueo facendo con Xosé Cid, Miguel Mosquera, César Prada e outros.

“En ocasións veñen de fóra exposicións moi boas ás salas públicas de Ourense”

Cursou no instituto Otero Peirado de Ourense. En Venezuela pintou nas rúas durante quince meses ao comezo da súa independencia como artista. Logo viñeron as exposicións colectivas e individuais polo norte de España e Portugal.

“Desde fai vinte anos a actividade artística esmoreceuse pola invasión das novas tecnoloxías. A arte está en coma profunda.

Boto de menos as reunións no Volter e na Casa da Xuventude. Pecharon moitas salas de arte por falta de visitantes”, reconece Felipe. Sostén que “hai xente nova que non dá arrincado e malvive do que fai. A arte sempre funciona a picos, altos e baixos. Por iso animo á xente que visite salas de exposicións. En ocasións veñen de fóra exposicións moi boas ás salas de Ourense e apenas reciben visitantes.

Felipe Iglesias sobre o seu estilo pictórico asegura que “sempre me gustou o surrealismo e cubismo mesturado con realismo e os sonhos sen limitacións”. Recibe encargos de pintura pero non fai retratos. A Praza Maior onde viviu antes e a de Eironciño dos Cabaleiros onde reside agora, sêvenlles de inspiración.

En Anllo (Cea) ten o seu taller e alí pasou o confinamento. Aínda que el e a súa familia non padeceron a covid, a pandemia que sufriron outras persoas afectoulle o seu traballo falto de inspiración neses meses. Na actualidade está a rematar obras empezadas e facendo esbozos da próxima produción artística.

En canto á escultura, o seu pai traballaba o mármore, a pedra e a madeira que tamén inspira e gusta ao fillo. Resulta moi agradable conversar con Felipe Iglesias e é moi satisfactorio escoitalo.



“A estrela do partido”. Barcelona 1985.



Felipe Iglesias rematando unha obra.



Escultura feita con tres mil pedras.

NOVO CÁNDIDO HOTEL

C/ San Miguel, 14 . 32005 • Ourense
Telf.: 988 989 125

www.hotelnovocandido.com | info@hotelnovocandido.com

PR ** Chocolatería Cándido

TELÉFONO 988 22 98 07
E-MAIL: hostalcandido@gmail.com

HNOS. VILLAR, 15-B
32005 OURENSE

Galicia

José Luis Martínez-Almeida e Pablo Junceda, insignias de ouro do Día de Galicia en Asturias

José Luis Martínez-Almeida, alcalde de Madrid e Pablo Junceda Moreno, director xeral do Banco Sabadell-Gallego, recibiron as insignias de ouro que concede a Asociación Día de Galicia en Asturias durante unha cea que se celebrou no hotel da Reconquista, de Oviedo, o sábado 25 de setembro.

Almeida reivindicou o Camiño Primitivo como o espello nos que temos que mirarnos. “Dentro da diversidade nos recoñecemos na convivencia”. Destacou o talento e sacrificio de dúas terras hermanas. Asturias e Galicia.

Junceda recordou que polas súas venas corre sangue “das dúas mellores terras desta gran nación: Galicia e Asturias”.

Alberto Núñez Feijóo, presidente do Goberno galego, destacou o labor da Asociación Día de Galicia en Asturias e a súa contribución a manter viva a esencia da Comunidade no Prin-



Os agasallados coa insignia de ouro e diploma de honra da asociación.

cipado, a través da divulgación da cultura e a gastronomía galegas, así como o bo facer das súas empresas. Durante o acto organizado por esta asociación, Feijóo incidiu en que a identidade galega constrúese desde a unión e a suma de identidades, nunca desde a ruptura, como pon de manifesto a proxección universal do Xacobeo.

Unha celebración á que invitou a todos os asturianos.

Ao día seguinte da cea que estivo presidida polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e á que asistiu Adrián Barbón, presidente do Principado, a asociación que preside Manuel Fernández Quevedo, organizou unha volta ciclista por Oviedo desde a 'Sancta Ovetensis' para promocionar a orixe do Camiño de Santiago.

Encontro empresarial

A asociación tamén celebrou días antes na Cámara de Comercio, o tradicional encontro empresarial astur-galaico. José Manuel Ferreira, presidente da Cámara evidenciou que “a unión entre ambas as comunidades é cada vez máis sólida”. Manuel Fernández Quevedo, presidente do colectivo galego, destacou que a cita, na que se distinguiu cun diploma e unha insignia a un nutrido grupo de

profesionais e institucións, é un modo de “render un recoñecemento á vosa xenerosidade e a traxectoria exemplar.”

Todos os homenaxeados, empresarios de quince negocios asturianos e galegos, teñen algo común: “Son parte do motor dun país que depende do seu tecido empresarial”. Os premiados foron: o Instituto de Medicina Oncolóxica e Molecular de Asturias (IMOMA), a Compañía Radio Televisión de Galicia (CRTVG), o grupo farmacéutico Zenda- Biofrabi, o labo-

ratorio Bioquochem, revista Protocolo e as súas editoriais Edicións Protocolo, o centro especial de emprego Lareiras do Norte, a operadora portuaria galega Pertejo S.A, o hotel restaurante galego P Cabazo, a asesoría Gestinor, EASA, a consultoría Centro Franquías, o restaurante do Arco e a MC-Mutua.

Negocios de moi diversos ámbitos, como a tecnoloxía, a consultoría, a medicina, a innovación, axuda a autónomos, arquitectura e unha longa lista de etcéteras. Pero que, para Xaime Arias, director de Proxección Social da corporación de Radio Televisión Galega, teñen un nexo de unión. “Temos ese espírito emprendedor, a vocación, a responsabilidade social-corporativa e temos algo moi importante desde o noso ámbito, case todos nós pensamos en grande”, dixo Arias.

En días anteriores, Manuel Baltar, presidente da Deputación de Ourense, entregou a Manuel Fernández Quevedo a bandeira de Ourense. Tamén na catedral celebrouse unha misa cantada pola soprano Tina Guitiérrez.



Entrega da bandeira de Ourense a Fernández Quevedo.



Manuel Fernández Quevedo e Alfredo Canteli, alcalde de Oviedo, cos ciclistas.



Tapas, revoltos, montados.
Rúa Fornos,2. Casco Vello OURENSE



Rúa Celso Emilio Ferreiro, 15 988 619 371.- 699 959 112
Cachopines . Bollitos preñados

“Nós, a Xente do Redor” presentarase no Ribeiro

O vindeiro 17 de outubro presentarase na igrexa da Madalena de Ribadavia, no corazón do Ribeiro, o número cinco da revista “Nós, a Xente do Redor”, coa presenza de cincuenta dos seus autores.

"Para nos cada novo número e un novo miragre. Nesta ocasión queremos facer un brinde no Ribeiro, coma unha homenaxe a aqueles grandes homes da xeración Nós que foron os guieiros da cultura galega e tamén ás Terras do Ribeiro. Faremolo na súa capital: Ribadavia, berce de culturas e referencia da nosa lingua e das nosas tradicións, nun marco icónico cargado de historia e de beleza: a Igrexa da Madalena" en palabras do seu director Avelino Jácome.

A presentación comezará as 12 na Igrexa e rematará cun xantar-festa nun restaurante da vila aínda sin concretar, todo



Portada e contraportada do novo número.

elo adobiado co viño dos deuses co que esta terra xenerosa agasalla aos seus visitantes.

No acto farase entrega cada súa reprodución da capa da revista esta vez ilustrada polo gran artista ourensán Antón Pulido a dous dos seus patrocina-

dores a Ruta do Viño do Ribeiro e a Aplitec Suministros industriais. "Queremos convidar a toda a Xente do Redor para que nos acompañe neste acto, onde a afouteza da nosa cultura agroma dende os máis sinxelos" é o desexo da organización.

Iván Pérez, unha nova mostra do talento ourensán

Este ano representando a Ourense Sur, no programa mais lonxevo da TVG Luar actuará Iván Pérez, un rapaz moi novo, cargado de talento. Están de noraboa os luareiros de sempre e os que se van enganchar cando escoiten a este artista, voz doce acariciando os temas e cargado de ledicia.

Vai ser unha das grandes sorpresas de esta edición. Humilde e traballador, cheo de soños e enerxía. Sen dúbida ningunha chegará moi lonxe. "O meu gusto pola música e a canción vén xa de pequeno; vén de familia.

O meu bisavó tocaba o acordeón e o meu avó seguiu os seus pasos, e agora eu, canto e toco o acordeón", afirma.

Explica Iván que "xa desde que era pequeno gustábame ir ás festas para ver as orquestras, e era o neno máis feliz; por iso



Iván Pérez, recanteiro.

esta oportunidade que me brinda o programa Luar é un gran escaparate, tanto para aprender como para que me vexan agrupacións e representantes. Estou moi ilusionado de empezar esta experiencia e de representar a todo Ourense Sur. Espero non defraudar".

Info@jbainmobiliaria.com
988 10 20 75
www.jbainmobiliaria.com

www.orixepublicidade.es 988 60 70 75

Camisetas Personalizadas
a todo color desde 1 und.

Orixe
PUBLICIDAD E COMUNICACIÓN
988 60 70 75

Francisco de Moure 20, Ourense

ORO Y PLATA
+25 años a su servicio

Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería

988 232 903

Orixe
PUBLICIDAD E COMUNICACIÓN
988 60 70 75

Ya puedes encargar tus CALENDARIOS para tu negocio

www.orixepublicidade.es - C/Francisco de Moure 20, Ourense, 988 60 70 75

Xantar 2021 "Gastronomía dos Camiños"

A 22ª edición do Salón Internacional de Turismo Gastronómico celebra-se en Expourense entre o 3 e o 7 de novembro e estará centrada na Gastronomía dos distintos Camiños a Santiago. Este cambio de datas a mes moi especial para a gastronomía ourensá coa celebración do San Martiño e os magostos, é unha das novidades desta edición que quere servir como punto de inflexión que supoña a volta á normalidade.

As novas restricións que conleva a pandemia levaron á organización e Xantar a reducir a 8 o número de restaurantes (entre eles os do INORDE, Sabores de Ourense e BOAGA-Razas Autóctonas) e a 2 as aulas gastronómicas que serán agora moito máis amplas para garantir a seguridade do visi-

tante e no que se impartirán, entre outras, actividades coordinadas pola Consellería do Mar, pola Axencia Galega de Calidade Agroalimentaria- AGACAL da Consellería do Medio Rural, por Porto e Norte e pola Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixe e Mariscos-ANFACO.

No 16º Encontro Internacional sobre Gastronomía Saudable e Sostible que contemplan a realización de talleres de cociña en directo a cargo de prestixiosos chefs e con produtos autóctonos de calidade; o Encontro Internacional de Confrarías Gastronómicas e Enófilas ou o Concurso de Cociña patrocinado polo Grupo Cuevas, entre outros. Tamén se celebrará unha nova edición do Workshop de Comercialización de Turismo Gastronómico coa par-



Reunión telemática do comité organizador de Xantar.

ticipación de operadores de turismo e organizarase por primeira vez unha misión

con distribuidores internacionais de produtos agroalimentarios.



Edición Especial
→
Gastronomía dos Camiños

Xantar

22º Salón Internacional de Turismo Gastronómico

SHOWCOOKINGS



DESTINOS



RESTAURANTES



CATAS
TÚNEL DO VIÑO



#oreencontro

www.xantar.org

**OURENSE,
3 ó 7
novembro
2021**







